

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE MAIO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:40 horas do día 11 de maio de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 9 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
 D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
 D. Manuel Xosé Lorenzo Penela (asiste aos puntos 4a e 15a)
 D. José Riesgo Boluda (asiste aos puntos 1a, 6a e 6b)
 D^a. María del Pilar Carneiro Miniño (asiste ao punto 4a)
 D. Luis Rodríguez Cadarso de la Peña (asiste ao punto 15a)
 D^a. Marta M. Rioboó Ibáñez (asiste ao punto 15a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 5 de maio de 2017 (sesión das 13:30h)

Apróbase a acta da sesión do 5 de maio de 2017 (sesión das 13:30h) cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. José Riesgo Boluda.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a organización e prestación dos campamentos de verán 2017 (4.912-336)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	Prezo do contrato	Incremento nº persoal formación	Incremento nº prazas de cada unha
-----------	-------------------	------------------------------------	--------------------------------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:42	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAC41-5HE383-EDB631-YVSBV2-UWYEPQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

			específica para atención nenos/as con necesidades educativas especiais		das quendas	
	Lote 1	Lote 2	Lote 1	Lote 2	Lote 1	Lote 2
TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA (lotes 1 e 2)	52.250,00 €	15.840,00 €	0	0	4	0

Licitador	Prezo do contrato	Incremento nº persoal formación específica para atención nenos/as con necesidades educativas especiais	Incremento nº prazas de cada unha das quendas
DANIELA ALVITE WAISMAN (lote 4)	47.767,50 €	1	-

Licitador	Prezo do contrato		Incremento nº persoal formación específica para atención nenos/as con necesidades educativas especiais		Incremento nº prazas de cada unha das quendas	
	Lote 4	Lote 5	Lote 4	Lote 5	Lote 4	Lote 5
MR PICKWICK SCHOOL, S.L. (lotes 4 e 5)	42.942,09 €	8.101,51 €	0	0	0	0

Licitador	Prezo do contrato	Incremento nº persoal formación específica para atención nenos/as con necesidades educativas especiais	Incremento nº prazas de cada unha das quendas
XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 6)	28.447,62 €	1	5



**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



Licitador	Prezo do contrato	Incremento nº persoal formación específica para atención nenos/as con necesidades educativas especiais	Incremento nº prazas de cada unha das quendas
GESTION DE LA FORMACION Y ORGANIZACION, S.L. (lote 3)	31.625,00 €	0	5

Licitador	Prezo do contrato		Incremento nº persoal formación específica para atención nenos/as con necesidades educativas especiais		Incremento nº prazas de cada unha das quendas	
	Lote 3	Lote 4	Lote 3	Lote 4	Lote 3	Lote 4
SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lotes 3 e 4)	31.900,00 €	46.900,00 €	1	1	5	5

Todos os licitadores achegan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía - entre a rúa Lepanto e a rúa Nicaragua, cofinanciado polo FEDER (4.467-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 8 de maio de 2017, sobre as ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP con ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, concedéndolle un prazo de tres días para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de redacción do proxecto de execución das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria, cofinanciado polo FEDER (4.468-440)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos do 8 de maio de 2017, sobre as ofertas que conteñen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:42	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAC41-5HE383-EDB631-YVSBV2-UWYEPQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

baixas con valores anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

- UTE GOC, S.A. e CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERÍA E INNOVACIÓN, S.L.
- UTE PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. e URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. (ZUBIA + URBING)
- ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

15.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

A secretaria dá conta aos membros da Mesa do escrito presentado por D^a. María do Tránsito Fernández Fernández, en calidade de secretaria comarcal da Federación de CIGSERVIZOSVIGO no que expón que as empresas OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L. teñen o mesmo administrador único e este empresario *“mantén débedas cun grupo de 19 antigos empregados, polo que ten un embargo polo Xulgado número 2 do Social de Vigo, e cada mes debe depositar unha cantidade para facer pagamento de ditas débedas”*. Solicita *“que dado que a concesión é pública, e que polo tanto afecta á cidadanía de Vigo, no se permita que empresarios con débedas demostradas, sexan adxudicatarios deste tipo de explotacións”*.

Así mesmo, informa do oficio remitido polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo, en relación co procedemento ordinario 1327/2017 de execución de títulos xudiciais, no que solicita *“se as executadas conxunta ou indistintamente OH VIGO, S.L., CIF B36776656; VIGO EVENTOS, S.L., CIF B36998912 xestionan a explotación da cafetería do Concello de Vigo así como as máquinas expendedoras de bebidas e sólidos de dito Concello e igualmente no que representa ao servizo de restauración do Auditorio mar de Vigo ou ás posibles máquinas expendedoras que poidan atoparse nel”*.

A Mesa toma razón da anterior información e decide esperar ata a presentación, no seu caso, da documentación requirida ao licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS, S.L., cuzo prazo de presentación remata o 19 de maio de 2017.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación (sinatura dixital)
A secretaria da Mesa de Contratación (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 21:42	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACAC41-5HE383-EDB631-YVSBV2-UWYEPQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		